

23-05-2022 COMPLEMENTO DE FORMACION CONVENIO HOSTALARÍA

Con data do 10 de maio saiu publicado o **novo convenio de hostalaría** para a provincia de Ourense cunha duración de 3 anos e con vixencia dende xaneiro do 2022 ata o 31 de decembro de 2024. Como novidade no seu artigo 27, as partes signatarias acordan un **“complemento compensatorio de formación”**, de natureza salarial, para conseguir un sector moderno e competitivo para a consecución dun emprego estable e de calidade dentro do mesmo, que deberán aboarlles aos seus traballadores nunha contía de **25 euros por 14 pagas** durante a vixencia deste convenio, aquelas empresas que non cumpran algún destes requisitos:

- 1.- Non acrediten estar asociadas a unha organización empresarial representativa do sector.
- 2.- Non acrediten ter un plan de formación a nivel de empresa e formar así aos traballdores.
- 3.- Non acrediten a súa participación en plans agrupados de formación desenvoltos por algún sindicato.

Polo que, quedamos a espera de que nos confirmen a súa decisión, xa que no caso contrario dito complemento de formación comenzará a devengarse na nómina deste mes de maio, así como nos atrasos de convenio de xaneiro a abril do 2022.